

## GRUPO OPERATIVO DE INNOVACIÓN NA XESTIÓN DA BIOMASA DO MONTE (GOI BIOMONTE)

### DESCRIPCIÓN DA INICIATIVA DO PROXECTO

O TERRITORIO GALEGO ESTÁ CONFORMADO FUNDAMENTALMENTE POR ESPAZOS QUE, DUN XEITO AMPLO, SE PODEN CARACTERIZAR COMO MONTE. UN MONTE QUE PODE ESTAR ARBORADO POR DIFERENTES ESPECIES FORESTAIS OU ESTAR CONFORMADO POR MATO A PARTIR DE ESPECIES ARBUSTIVAS COMO O TOXO, AS XESTAS, AS QUEIRUGAS E OUTRAS. ESTES ESPAZOS CONTAN CUN RÉXIME DE PROPIEDAD PRIVADA OU PRIVADA-COLECTIVA, NO CASO DOS MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN, APENAS EXISTINDO MONTE PÚBLICO. POLO TANTO, A PROCURA DA XESTIÓN DO MONTE POR PARTE DOS SEUS PROPIETARIOS EMERXE COMO UNHA NECESIDADE FUNDAMENTAL PARA REVITALIZAR O MUNDO RURAL E PARA PALIAR OU EVITAR AS PROBLEMÁTICAS SOCIOAMBIENTAIS EXISTENTES, PRINCIPALMENTE A DOS LUMES FORESTAIS. NESTE SENSO, A XESTIÓN DOS ESPAZOS ARBORADOS E DOS CONFORMADOS POLO MATO TEN QUE SER UNHA PRIORIDADE PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS E PARA A MELLORA SOCIOECONÓMICA E AMBIENTAL DOS ESPAZOS QUE CONFORMAN O MUNDO RURAL GALEGO.

Á HORA DE AFRONTAR A XESTIÓN DESTES LUGARES, A BIOMASA XERADA NOS ESPAZOS DE MONTE APARECE COMO UNHA OPORTUNIDADE RELEVANTE. EFECTIVAMENTE, O MONTE XERA DIFERENTES CLASES DE BIOMASA APROVEITABLE PARA DIFERENTES USOS POSIBLES. POR UNHA BANDA, OS TRABALLOS SILVÍCOLAS COMO PODAS, CLAREOS, CORTAS, ETC; SUBMINISTRAN MADEIRA APROVEITABLE PARA USOS DE CARÁCTER ENERXÉTICO COMO NO CASO DAS ESTELAS.

POR OUTRA BANDA, O MATO EXISTENTE NO MONTE PROPORCIONA BIOMASA EMPREGABLE PARA A PRODUCCIÓN DE FERTILIZANTE ORGÁNICO, EN FORMA DE COMPOST OU OUTROS SUBSTRATOS. A PRODUCCIÓN DE BIOMASA PARA FINS ENERXÉTICOS, MEDIANTE A PRODUCCIÓN DE ESTELAS A PARTIR DA MASA BIOLÓXICA PROCEDENTE DE RESIDUOS DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS, É UNHA OPORTUNIDADE DE INTERESE PARA PROPORCIONAR RENDAS ÁS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS E MELLORAR A COMPETITIVIDADE DAS MESMAS. CERTAMENTE, A RECOLLEITA E XESTIÓN DO MATO QUE DÁ LUGAR Á PRODUCCIÓN DE COMPOST OU DOUTROS SUBSTRATOS PODE SERVIR PARA INCREMENTAR AS RENDAS E A COMPETITIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS OU PARA REINTRODUCIR O PRODUTO COMO ENMENDA ORGÁNICA DAS EXPLOTACIÓNS RECUPERANDO ESPAZOS DEGRADADOS E INCREMENTANDO A CAPA FÉRTIL DO MONTE.

XUNTO COA BIOMASA PROCEDENTE DO MONTE, EXISTEN OUTROS SUBPRODUTOS CON POSIBILIDADES DE SEREN INCORPORADOS NOS PROCESOS DE PRODUCCIÓN ENUNCIADOS. REFERÍMONOS AOS RESTOS VEXETAIS DE PODAS E COIDADOS DE XARDÍNS, SOBRE TODO DE ZONAS URBANAS. NUN RADIO DE 50 QM, DESDE FRIOL, ENCONTRAMOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN CON MÁIS DE 200.000 HABITANTES ASOCIADOS, ENTRE ELES PÓDESE DESTACAR Á CIDADE DE LUGO.

O GRUPO OPERATIVO BIOMONTE PRETENDE DEFINIR UN PROXECTO DE APROVEITAMENTO DA BIOMASA PARA A PRODUCCIÓN DE ESTELAS CON FINS ENERXÉTICOS PARA CALDEIRAS COLECTIVAS DE BIOMASA E PARA A PRODUCCIÓN DE FERTILIZANTE ORGÁNICO, COMPOST OU OUTROS SUBSTRATOS, A PARTIR DO APROVEITAMENTO DA BIOMASA EN FORMA DE MATOGUEIRA EXISTENTE NO MONTE E DE RESTOS VEXETAIS PROCEDENTES DE PODAS E COIDADOS DE XARDÍNS URBANOS E ZONAS VERDES.

OS AXENTES QUE CONFORMAN INICIALMENTE O GRUPO OPERATIVO SON, POR UNHA BANDA, A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAL EN MAN COMÚN DE CARBALLO, LOCALIZADA NO CONCELLO DE FRIOL (CMVMC DE CARBALLO), QUE É O SOLICITANTE ASÍ COMO O COORDINADOR DO GOI BIOMONTE. POLA SÚA BANDA, O GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN ECONOMÍA ECOLÓXICA E AGROECOLOXÍA (GIEEA) DA UNIVERSIDADE DE VIGO, QUE ACTUARÁ COMO AXENTE DE INNOVACIÓN. O GOI BIOMONTE INCREMENTARÁ O SEU NÚMERO DE AXENTES COLABORADORES, SENDO OS SEGUINTES ÁMBITOS SECTORIAIS OS POTENCIAIS ORIXES: PROPIETARIOS DE MONTES QUE GARANTAN A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIA PRIMA PROCEDENTE DO MONTE; ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS, SOBRE TODO CONCELLOS, QUE ACHEGUEN OS RESTOS VEXETAIS DAS PODAS E TRATAMENTOS DOS SEUS XARDÍNS E ZONAS VERDES; INSTITUCIÓNS COMO HOSPITAIS, COLEXIOS, DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, DA XUNTA DE GALICIA E DOS CONCELLOS QUE XA TEÑAN OU INSTALEN NUN FUTURO CALDEIRAS DE BIOMASA ALIMENTADAS DE ESTELA; INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS, E PRINCIPALMENTE O SEU CENTRO DE MONTERROSO, COMO POTENCIAL DEMANDANTE DE BIOMASA RENOVABLE PARA OS SEUS FINS ENERXÉTICOS; EMPRESAS DE SERVIZOS ENERXÉTICOS INTERESADAS EN AMPLIAR O SEU MERCADO COMARCAL DE CALDEIRAS; ENTRE OUTROS.

OS OBXECTIVOS XERAIS DO GRUPO OPERATIVO SON OS SEGUINTES:

- INCREMENTAR A XESTIÓN DA BIOMASA DO MONTE GALEGO PROPICIANDO A MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO.

- DEFINIR NOVOS MODELOS DE XESTIÓN DA BIOMASA DO MONTE GALEGO QUE POÑAN EN VALOR OS RECURSOS QUE NA ACTUALIDADE OU BEN ESTÁN OCIOSOS OU BEN NON SE VALORIZAN O SUFICIENTE PARA AS COMUNIDADES RURAIS.
- INCORPORAR Á CADEA DE VALOR OS RESIDUOS PROCEDENTES DAS PODAS E DOS COIDADOS DOS XARDÍNS URBANOS E DOUTROS ESPAZOS URBANOS.

PARA ELO, DEFÍNESE UNS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS QUE SE PRETENDEN LOGRAR MEDIANTE A CREACIÓN DO GRUPO OPERATIVO. EN RESUMO, PRETÉNDESE DEFINIR UN PROXECTO DE INNOVACIÓN NA XESTIÓN DE BIOMASA QUE TERÍA DOUS PRODUTOS:

- I. A PRODUCCIÓN DE ESTELAS A PARTIR DA BIOMASA FORESTAL RESIDUAL PRODUCIDA NO MONTE DA CMVMC DE CARBALLO E NOUTROS MONTES CERCANOS
- II. A PRODUCCIÓN DE COMPOST E OUTROS SUBSTRATOS A PARTIR DO APROVEITAMENTO DA BIOMASA EN FORMA DE MATO EXISTENTE NO MONTE VECIÑAL DE CARBALLO E NOUTROS MONTES CERCANOS, E DA ACHEGA DE RESIDUOS VEXETAIS PROCEDENTES DAS PODAS E COIDADOS AOS XARDÍNS URBANOS.

## GRUPO OPERATIVO DE INNOVACIÓN PARA A COEXISTENCIA DA GANDERÍA EXTENSIVA CO LOBO

### DESCRIBIÓN DA INICIATIVA DO PROXECTO

A GANDERÍA EXTENSIVA CONFORMA UN SECTOR ESTRATÉXICO EN GALICIA, XA QUE UNHA IMPORTANTE PARTE DO TERRITORIO, DEBIDO AS SÚAS CONDICIÓN AMBIENTAIS, EDÁFICAS E SOCIOCULTURAS, PRESENTA UNHA CLARA VOCACIÓN PARA ESTE TIPO DE PRODUCIÓN. OS SISTEMAS EXTENSIVOS PODEN CONSIDERARSE COMO UNHA PRÁCTICA SOSTIBLE DE EXPLOTACIÓN DO TERRITORIO E VINCÚLANSE EN MOITOS CASOS A SISTEMAS DE ALTO VALOR NATURAL, XENUINAMENTE MULTIFUNCIONAIS. ESTE TIPO DE EXPLOTACIÓN SON OS MÁIS SUSCEPTIBLES A SUFRIR O ATAQUE DOS DISTINTOS DEPRADADORES COS QUE CONVIVEN HABITUALMENTE. ISTO OCASIONA PERDAS AOS GANDEIROS E XERA CONFLICTO, POÑENDO EN PERIGO Á CONSERVACIÓN A LONGO PRAZO DOS DISTINTOS DEPRADADORES, COMPOÑENTES INDISOCIABLES DOS NÓSOS ECOSISTEMAS E DO NÓSÓ PATRIMONIO NATURAL, A EFICACIA DAS MEDIDAS DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA EN XERAL E A VIABILIDADE DAS PRÁCTICAS GANDEIRAS MÁIS SOSTIBLES.

EN TERRITORIOS ALTAMENTE HUMANIZADOS COMO O NÓSÓ, A COEXISTENCIA ENTRE AS ACTIVIDADES HUMANAS E A FAUNA SILVESTRE É UN DOS RETOS AO QUE NOS DEBEMOS ENFRONTAR PARA LOGRAR OS OBIECTIVOS DE BENESTAR E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE QUE EMANAN DOS ACTUAIS PRINCIPIOS INSPIRADORES DA POLÍTICA AGRARIA EUROPEA. POLO TANTO, NECESÍTANSE ENFOQUES INNOVADORES QUE RESOLVAN OS PROBLEMAS AOS QUE SE ENFRONTA O SECTOR GANDEIRO. NO CAMPO DA CONVIVENCIA CO LOBO, ISTO SIGNIFICA DIMINUÍR OS CONFLICTOS, AO TEMPO QUE SE FAVORECE A CONSERVACIÓN DA ESPECIE SEN MENOSCABAR A COMPETITIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS EXTENSIVAS.

OS MÉTODOS DE PREVENCIÓN DA PREDACIÓN AO GANDO SON UN DOS PARES SOBRE OS QUE SE SUSTENTA A COMPATIBILIDADE DA ACTIVIDADE GANDEIRA COA CONSERVACIÓN DO LOBO. NON OBSTANTE, Á APLICACIÓN DESTES MÉTODOS LEVA ASOCIADO CON FRECUENCIA UNHA INVERSIÓN ECONÓMICA E/OU CAMBIOS NO MANEXO DO GANDO PARA OS QUE SE NECESITA INVERTER UN ESFORZO, EN TEMPO OU EN DIÑEIRO, QUE PODE AFECTAR Á COMPETITIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS E XERAR REXEITAMENTO Á SÚA APLICACIÓN POR PARTE DOS GANDEIROS.

POLO TANTO NESTA INICIATIVA TRATARASE DE TESTAR A EFICIENCIA DE DISTINTAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN, OPTIMIZANDO A RELACIÓN CUSTE/BENEFICIO, Á VEZ QUE

SE INNOVA NA ADOPCIÓN DE PRÁCTICAS DE PREVENCIÓN E DE PRÁCTICAS DE MANEXO QUE DIMINUÍAN A VULNERABILIDADE DO GANDO E AUMENTEN A DETECTABILIDADE DOS DANOS, ADAPTADAS Á REALIDADE PRODUTIVA DAS EXPLOTACIÓNS E QUE NON SUPOÑAN UNHA PERDA DE COMPETITIVIDADE.

NON EXISTE CONSENSO SOBRE QUÉ MEDIDAS PREVENTIVAS SON AS MÁIS EFICACES, CALES AS MÁIS ECONÓMICAS, COMO SE DEBEN COMPLEMENTAR UNHAS CON OUTRAS, ETC., E, SOBRE TODO, OS GANDEIROS NON DISPOÑEN DESA INFORMACIÓN. CONSIDÉRASE POR TANTO UNHA ACCIÓN INNOVADORA DETERMINAR AS CITADAS CUESTIÓNS E PODELAS TRANSMITIR CANTO ANTES Ó SECTOR, PARA QUE O CONFLITO HOME-LOBO SEXA MINIMIZADO NO POSIBLE, BENEFICIANDO TANTO Á PARTE PRODUTIVA EN PASTOREO COMA Á CONSERVACIÓN DA NATUREZA.

OS ÚLTIMOS DATOS DISPOÑIBLES OFICIALMENTE, CUANTIFICAN QUE NO ANO 2013 FORON AFECTADAS UN TOTAL DE 1.227 RESES (687 OVELLAS, 279 VACAS, 160 CABALOS E 101 CABRAS) REPARTIDAS NUN TOTAL DE 286 EXPEDIENTES DE AXUDAS CONCEDIDAS. MÁIS ALÓ DOS DATOS, ISTO VEN A REFENDER A EXISTENCIA DUN PROBLEMA QUE AFECTA A UN SECTOR DE IMPORTANCIA, NON SOAMENTE ECONÓMICA, SENÓN DE TRANSCENDENCIA SOCIAL DEBIDO AOS MÚLTIPLES BENEFICIOS E EXTERNALIDADES POSITIVAS QUE REPORTA AO CONXUNTO DA SOCIEDADE.

A PESAR DA ABONDOSA BIBLIOGRAFÍA EXISTENTE SOBRE OS DISTINTOS MÉTODOS DE PREVENCIÓN, FALTAN PROBAS EXPERIMENTAIS PRÁCTICAS QUE TESTEN A UTILIDADE DAS DISTINTAS MEDIDAS NO CONTEXTO DA REALIDADE DAS DISTINTAS ZONAS DE GALICIA. POLO TANTO, FAISE NECESARIO, DESENVOLVER TRABALLOS QUE PERMITAN COÑECER A EFICACIA DOS DISTINTOS MÉTODOS DE PREVENCIÓN NO CONTEXTO ESPECÍFICO DO CAMPO EN GALICIA, TENDO EN CONTA OS SEUS CONDICIONANTES PARTICULARES, ASÍ COMO AVANZAR NO DESEÑO E NA INNOVACIÓN PARA ADAPTAR ESTES MÉTODOS AOS SISTEMAS DE MANEXO TRADICIONAIS GALEGOS, MELLORANDO A SÚA EFICACIA E DIMINUÍDO O SEU CUSTE DE IMPLEMENTACIÓN POR PARTE DOS GANDEIROS.

POR OUTRO LADO, O PROPIO MANEXO DO GANDO PODE DIMINUÍR A VULNERABILIDADE AOS ATAQUES DOS PREDADORES ASÍ COMO AUMENTAR A DETECTABILIDADE DOS DANOS PARA FACILITAR A SÚA RECLAMACIÓN. SEN EMBARGO, ESTAS PRÁCTICAS SOEN REQUIRIR UNHA CONSIDERABLE INVERSIÓN DE TEMPO, DIFICILMENTE ABORDABLE PARA MANTER A COMPETITIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS. NESTE SENSO, RESULTARÍA DE GRANDE UTILIDADE PARA FACILITAR A COEXISTENCIA ENTRE O LOBO E GANDO EXTENSIVO, EXPLORAR DIFERENTES MÉTODOS PARA DIMINUÍR OS CUSTES ASOCIADOS Á IMPLEMENTACIÓN DE PRÁCTICAS GANDEIRAS QUE

DIMINÚAN A VULNERABILIDADE DO GANDO E AUMENTEN A DETECTABILIDADE DOS DANOS.

OS PRINCIPAIS OBXECTIVOS DA NOSA PROPOSTA SERÍAN OS SEGUINTE:

1. -TESTAR A EFICIENCIA DE DISTINTAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE ATAQUES DO LOBO AO GANDO EN DISTINTOS TIPOS DE GANDERÍA E EN DISTINTAS ZONAS CON DISTINTOS MANEXOS.
2. -OPTIMIZAR A RELACIÓN CUSTE/BENEFICIO DAS MEDIDAS DE PROTECCIÓN EMPREGADAS POLOS GANDEIROS EN DISTINTAS SITUACIÓNS.
3. -INNOVAR NA ADOPCIÓN DAS PRÁCTICAS DE PREVENCIÓN FRONTE AOS ATAQUES DO LOBO.
4. -INNOVAR NA ADOPCIÓN DE PRÁCTICAS DE MANEXO QUE DIMINÚAN A VULNERABILIDADE DO GANDO E AUMENTEN A DETECTABILIDADE DOS DANOS, ADAPTADAS Á REALIDADE PRODUTIVA DAS EXPLOTACIÓNS E QUE NON SUPOÑAN UNHA PERDA DE COMPETITIVIDADE.
5. -FACILITAR A IMPLEMENTACIÓN A GRAN ESCALA DE MEDIDAS DE PROTECCIÓN EFECTIVA CONTRA A DEPREDACIÓN DO GANDO.
6. -REDUCIR A TAXAS DE PREDACIÓN POLO LOBO DO GANDO EXTENSIVO EN GALICIA

## GRUPO OPERATIVO DE APROVEITAMENTO DO MONTE PARA A CRIA DE PORCO CELTA

### DESCRIBIÓN DA INICIATIVA DO PROXECTO

O PRESENTE PROXECTO PROPÓN O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DE EXPLOTACIÓN PORCINA EN RÉXIME SEMI-EXTENSIVO PARA O APROVEITAMENTO DOS RECURSOS PRODUCIDOS POLO MONTE DE FORMA SUSTENTABLE E ECONOMICAMENTE RENDÍBEL. CONTRIBUIRASE DESTE XEITO AO CONTROL DA BIOMASA VEXETAL PRODUCIDA MEDIANTE A CREACIÓN DUN SISTEMA SUSTENTÁBEL NO PLANO AMBIENTAL, XA QUE AXUDARÁ A REDUCIR A CONCENTRACIÓN LOCALIZADA DE CONTAMINANTES E AO CONTROL DO MATO QUE REDUNDA NUN CONTROL MÁIS EFECTIVO DOS INCENDIOS FORESTAIS, ASÍ COMO AXUDAR AO DESENVOLVEMENTO RURAL FIXANDO POBOACIÓN NUNHA ZONA DESFAVORECIDA, PODENDO CHEGAR A CREAR UN MODELO FACILMENTE EXTRAPOLABLE A OUTRAS ZONAS DE GALICIA. A COMPATIBILIZACIÓN DO MODELO GANDEIRO PROPOSTO CO APROVEITAMENTO SILVOPASTORIL PARA INCREMENTAR A RENDIBILIDADE DAS EXPLOTACIÓNS IRÁ VENCELLADO AO ESTUDO DUN SISTEMA DE MANEXO EFICIENTE ORIENTADO CARA A PRODUCCIÓN CÁRNICA DE CALIDADE LIGADO A UNHA ZONA DE ORIXE E A UNHA RAZA PORCINA.

NOS ÚLTIMOS ANOS, O INCREMENTO DO CENSO DE PORCO DE RAZA CELTA, NOVAS FORMAS DE COMERCIALIZACIÓN, ASÍ COMO A NECESIDADE DE ABARATAR CUSTOS PARA PODER RESPONDER A UNHA MAIOR DEMANDA DO MERCADO, FAN NECESARIO PROFUNDAR NO COÑECEMENTO DESTES SISTEMAS DE ALIMENTACIÓN COMO ALTERNATIVA Á ALIMENTACIÓN INTENSIVA EN CEBADOIRO. ADEMAIS, O APROVEITAMENTO DE RECURSOS NATURAIS NA ALIMENTACIÓN DO GANDO PORCINO TOMA NA ACTUALIDADE MÁIS INTERESE QUE NUNCA DEBIDO AO ELEVADO PREZO ACTUAL DOS PENSOS COMPOSTOS PARA A ALIMENTACIÓN ANIMAL, QUE É DE ESPERAR MANTÉÑANSE E MESMO SE INCREMENTEN A CURTO E MEDIO PRAZO.

OS PORCOS CELTAS ADÁPTANSE BEN AO RÉXIME EXTENSIVO, SENDO ANIMAIS AXEITADOS PARA SISTEMAS SILVOPASTORIS EN SOUTOS DE CASTIÑEIROS, POIS A SÚA ALIMENTACIÓN CON CASTAÑAS NO PERÍODO DA CEBA MELLORA AS CUALIDADES DO SEU PRODUTO ESTRELA, O XAMÓN. ALIMÉNTANSE TAMÉN DE PLANTAS QUE MEDRAN NO SOTOBOSQUE, INCLUSO DOS RIZOMAS DO FENTO COMÚN, AFECTANDO Ó TAPIZ VEXETAL DO SOTOBOSQUE E PODENDO PRODUCIR, DANOS AO ARBOLADO E, AO FOZAR, PÉRDIDAS DE SOLO POR EROSIÓN, ASPECTOS QUE É NECESARIO AVALIAR. EN EXPERIENCIAS ANTERIORES CON RAZAS DE PORCINO MÁIS EXIGENTES (LARGE WHITE) QUE O RÚSTICO CELTA, SE CONSEGUIRON EN EUCALIPTAIS BOS RESULTADOS, NO QUE AO CONTROL DO FENTO SE REFIRE (REDUCCIÓN DO 90% EN NÚMERO DE BROTES E EN BIOMASA AÉREA DA PTERIDOFITA AO ANO SEGUINTE DA EXPERIENCIA), CON CARGAS XERAIS DE 6 PORCOS POR HA DURANTE 6 MESES, XA QUE OS PORCOS FOZAN E DESCOBREN OS RIZOMAS, COMENDO ALGÚNS E MORRENDO POR DESECACIÓN OUTROS.

O OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO SERÍA POR UNHA BANDA O APROVEITAMENTO DA PRODUCCIÓN DE BIOMASA DO MONTE COMO ALIMENTO PARA OS ANIMAIS, SENDO SUPLEMENTADOS CUN PENSO, E POR OUTRA BANDA O ESTUDO DOS PARÁMETROS DE CALIDADE DA CANAL E DA CARNE PROCEDENTE DESTE SISTEMA DE CRIANZA.

COMO OBXECTIVOS ESPECÍFICOS ESTARÍAN:

PRIMEIRO. LEVARASE A CABO UN ESTUDO DO CONTROL DA VEXETACIÓN DO SOTOBOSQUE QUE FAN OS PORCOS, ASÍ COMO DA EVOLUCIÓN DA VEXETACIÓN DO SOTOBOSQUE E DE POSIBLES DANOS AO ARBOLADO, COA FINALIDADE DE PODER ESTABLECER PAUTAS NUN SISTEMA SOSTIBLE, ECOLÓXICA E ECONOMICAMENTE RENDÍBEL, DE APROVEITAMENTO DOS RECURSOS DO MONTE GALEGO.

SEGUNDO. LEVARASE A CABO UN ESTUDO DA TRANSFORMACIÓN DA BIOMASA QUE EXISTÍA INICIALMENTE, PARA PODER ESTABLECER PAUTAS NUN SISTEMA ECOLÓXICO E ECONOMICAMENTE RENDÍBEL DE APROVEITAMENTO DOS RECURSOS DO MONTE GALEGO.

TERCEIRO. COÑECER MELLOR AS PROPIEDADES E POSIBILIDADES PRODUTIVAS, TECNOLÓXICAS E NUTRITIVAS DO PORCO CELTA, PARA ASÍ INTENTAR GARANTIR A EXISTENCIA E O FUTURO DESTA RAZA PORCINA.

CUARTO. ESTUDAR AS CARACTERÍSTICAS DA CANAL E DA CARNE DE PORCO CELTA PROCEDENTE DESTE SISTEMA DE CRIANZA DE TRES XENÉTICAS DIFERENTES.